



CONCELLERÍA  
DE  
POLÍTICA  
DE BENESTAR

CONCELLO  
DE VIGO



**PLDa**  
PLAN LOCAL SOBRE  
DROGODEPENDENCIAS  
E OUTRAS ADICCIÓNS

## DÍA MUNDIAL DA SAÚDE MENTAL 2013

O 10 de outubro de cada ano, por iniciativa da Federación Mundial de Saúde Mental, celébrase o Día Mundial da Saúde Mental. A OMS apoia tamén esta efeméride mediante as súas sólidas relacións con gobernos, administracións públicas e outros organismos da sociedade civil de todo o mundo, para mellorar a sensibilización sobre os temas da saúde mental.

Na 65ª Asemblea Mundial da Saúde adoptouse a resolución WHA65.4, relativa á carga mundial que supoñen os trastornos mentais e a necesidade de articular unha resposta integral e coordinada en todos os países. Nesta resolución instábase aos Estados Membros a asignar recursos abondo para a saúde mental e pedíase á OMS que preparase un plan de acción integral. En maio de 2013, a Asemblea Mundial da Saúde aprobou a resolución WHA66.8 que inclúe o "*Plan de acción integral de saúde mental 2013-2020* " no que se considera as persoas maiores como un grupo vulnerable con alto risco de sufrir problemas de saúde mental. Entre as súas peticións á Directora Xeral da OMS, a Asemblea incluíu o coidado a longo prazo para as persoas maiores.

O tema do Día Mundial da Saúde Mental de 2013 é "*A saúde mental e os adultos maiores*"

No noso ámbito local, diversas organizacións participan activamente nesta conmemoración e desenvolven actividades de divulgación e sensibilización coa intención de achegar contidos a este esforzo global.

Así, FEAFES Galicia decántase este ano polo lema "*Alternativas fronte á crise. O valor dos nosos dereitos*". Este slogan reflicte -por unha banda- a súa preocupación sobre como a situación socioeconómica actual está a afectar á saúde mental da poboación e, especialmente, aos recursos que se destinan á súa atención e -por outra- a oposición do movemento asociativo a que se recorten os dereitos do colectivo ao que representan.

Dende o Plan Local de Drogodependencias e outras Adiccións (PLDA) de Vigo queremos aproveitar esta data para resaltar a importancia do traballo cotián desempeñado polas entidades que forman parte da nosa organización e polo resto das que operan na cidade, adherirnos ás súas accións con motivo do Día Mundial da Saúde Mental e reiterar o noso compromiso para continuar traballando pola mellora da accesibilidade e calidade dos programas de prevención, asistencia e integración social dirixidos ás persoas con trastornos mentais, neurolóxicos e por abuso de substancias.

Presidenta do PLDA de Vigo  
Concelleira Delegada da Área de Política de Benestar do Concello de Vigo  
*Isaura Abelairas Rodríguez*

Director técnico do PLDA  
*Francisco Otero Lamas*